

ASEMBLEA REPUBLICANA DE VIGO
(Amigos/as da República)
Apdo. Correos 3054. 36200 Vigo.
www.assemblearepublicana.org
contacto@assemblearepublicana.org



QUE É A ASEMBLEA REPUBLICANA DE VIGO

A Asamblea Republicana de Vigo (Amig@s da República) é unha organización de carácter non partidario integrada por homes e mulleres de distinta ideoloxía pero que asumen e comparten os valores e a conciencia histórica da esquerda. Ten como obxectivos a consolidación e o afortalamiento dunha corrente de opinión que proclama a defensa da forma de estado republicana e a articulación dun movemento unitario que, máis alá das distintas ideoloxías presentes no seu seno, teña como denominador común o rexeitamento da forma monárquica do estado e a proclamación da III República.

Entre os obxectivos da nosa asociación, atopanse, tal como se recolle nos nosos estatutos, a defensa e o espallamento dos valores que lles son propios á forma republicana do exercicio do poder e que se fundamentan nos conceptos forza da Revolución Francesa: Liberdade, Igualdade e Fraternidade. Para nós "Liberdade" traduce **laica**, "Igualdade" traduce **democrática** e "Fraternidade" traduce **social**. Coeducación, separación real de Igrexa e Estado, dereitos dos nenos e nenas, respecto as normas do Dereito Internacional, liberdade para os pobos asoballados e dereitos das nacións a autodeterminarse, igualdade de xénero, loita contra o belicismo, o imperialismo e o unilateralismo e defensa das canles diplomáticas para a resolución dos conflitos.... Velaí algúns dos principios que defendemos. Na Asamblea Republicana de Vigo unímonos para proclamar, en público e en privado, o noso republicanismo, non só como exercicio de nostálxica lembranza, senón tamén como referencia desde a que combater as formas de opresión e dominación que hoxe padecemos.

Fundada a finais dos anos oitenta, os seus primeiros anos de vida foron os de unha organización que levaba a cabo actividades e actos de carácter cultural e que todos os 14 de abril realizaba un xantar republicano, solidario e fraterno con motivo do aniversario da II República.

Foron e son moitas e variadas as actividades culturais que ten organizado a nosa Asociación. Promovimos conferencias, montamos exposicións, celebramos homenaxes e organizamos recitáis de artistas que, movidos polo seu republicanismo, acudiron para participar en espectáculos que sempre reivindicaban a memoria da República, a defensa dos seus ideais e certidume do seu regreso como a forma de estado que de forma máis acaída defende os principios da democracia e da soberanía popular. Así estiveron con nós Paco Ibáñez e José Agustín Goytisolo, o Gran Wyoming, Miro Casavella, Xavier Ribalta, Imanol, Daniel Viglietti, Suburbano, Ismael Serrano ou Lluís Llach.

Por outra parte conseguimos que o Concello de Vigo lle dera o nome de II República a unha das rúas da nosa cidade e fomos quen de organizar, no ano 2004, a primeira manifestación republicana que tivo lugar en Vigo desde 1936.

A nosa asociación que está debidamente legalizada e que consta cos seus propios estatutos, ten unha configuración assemblearia, convocándose as asembleas segundo as normas estatutarias e tomándose as decisións por maioría. Á Xunta Directiva, correspóndelle, ademais de desempeñar a representatividade pública da Asociación, resolver os asuntos do día a día e propoñerlle á Asemblea o programa de actividades.

Para solventar os nosos gastos de infraestrutura e organización temos establecida unha **cota anual** (e unha especial para soci@s "xoven" ata os 25 anos) que se pasa ao cobro por domicialización bancaria o día 1 de febreiro, existindo tamén a posibilidade do pago ao contado en man ou por ingreso na conta corrente da Asociación.

A actual Xunta directiva está composta por:

Presidente:	Celso X. López Pazos (986228996)
Vicepresidenta:	Luisa Fernández Rodríguez
Secretario:	Pablo Alonso Alcalde (986116251)
Tesoureiro:	Anxel Pahino Vázquez
Vocais:	Anxel Benigno López Rodríguez Anxo Beltrán Álvarez Iago López Martínez